

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE MÚSICA ESO:

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Inicialmente farase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada alumno para avanzar na súa aprendizaxe. Nesta proba valorarase especialmente a competencia artística e o manexo de conceptos básicos.

O procedemento de avaliación fundamental será a realización de probas obxectivas ao longo do curso. Antes de cada proba, o profesor proporcionará ós alumnos un esquema cos contidos fundamentais, de modo que en todo momento saiban cal será a materia avaliable e cales son os obxectivos a acadar.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

As probas escritas, con aspectos teóricos e prácticos.

Probas e exposicións orais.

Traballo diario do alumno, tanto na elaboración das actividades do libro como aquelas propostas polo profesor.

A actitude do alumno cara á materia.

Interpretación instrumental (carrillón, canto frauta, percusión...) de partituras adaptadas aos diferentes niveis

Interpretación vocal de obras adaptadas aos diferentes niveis.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Trimestralmente:

40% da nota o conformará un exame teórico

40% da nota o conformará a parte práctica que consistirá na interpretación dunha escala e dunha peza a frauta dada no trimestre.

10% da nota restante corresponde a actitude ante a asignatura.

10% Traballos libretas, exercicios do libro, traballos individuais e en grupos

A periodicidade coa que se farán as probas escritas será cada tres unidades didácticas. Unha proba teórica e práctica cada trimestre.

No exame práctico poderán tocar co carrillón, melódica ou cantar unha das escalas e unha das pezas dadas ese trimestre.

As probas se cualificarán:

- Proba escrita de 0 a 5.
- Proba práctica de 0 a 5.
- O redondeo hacia a baixa será entre 0,1 a 0,4.
- O redondeo hacia a alta será entre 0,5 a 0,9.

OS aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información serán:

- Participación na aula (clases de canto , clases de danza etc.).
- Material (sobre todo traer o instrumento para as clases prácticas).
- Respeto os compañeiros, profesor.

O Mecanismo para recuperar unha proba non superada será:

Un exame teórico e outro práctico de recuperación no mes de xunio de dita avaliación e antes da avaliación final.

- Proba escrita de 0 a 5.
- Proba práctica de 0 a 5.
- A suma das dúas notas será a nota da avaliación a recuperar.
- O redondeo hacia a baixa será entre 0,1 a 0,4.
- O redondeo hacia a alta será entre 0,5 a 0,9.

A cualificación final será o resultado da suma dos apartados anteriores. Para conseguir unha cualificación positiva é necesario acadar un mínimo de 5 puntos.

A cualifación final de xuño será a media das cualificacións dos tres trimestres, para aqueles alumnos que teñan as tres aprobadas. De non ser así terán que presentarse a unha proba ordinaria de xuño.

No caso de que o alumno non supera a materia ó remate do curso, terá que realizar no curso seguinte un exame por trimestre de toda a materia onde se lle esixirán os contidos mínimos, tanto teóricos coma prácticos.

PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

- Exercicios de repaso.
- Fotocopias con apuntes.
- Traballos prácticos.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

- Entrega de traballos.
- Comportamento.
- Participación nas clases.
- Exercicios.
- Exames prácticos.
- Exames teóricos.